

**NOF**

---

# **Guía da Biblioteca Escolar do Conservatorio Superior de Música de Vigo**



## Índice

---

<b>1. Servizos que ofrece.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Horarios .....</b>	<b>3</b>
<b>3. Normas xerais de uso .....</b>	<b>3</b>
<b>4. Condicións de préstamo.....</b>	<b>4</b>
Incumprimento das normas de préstamo .....	4
Devolucións fóra de prazo: .....	4
Exclusións de préstamo: .....	4



## Guía da Biblioteca escolar do Conservatorio Superior de Música de Vigo

---

### 1. Servizos que ofrece

- Espazo de consulta e lectura.
- Espazo de traballo individualizado e/ou grupal.
- Zona de préstamo e traballo técnico para o/a responsable cun ordenador con acceso a Internet e impresora.
- Ordenadores para o alumnado con acceso a Internet.
- Todo o recinto ten rede Wifi.
- Servizo personalizado aos usuarios e formación de usuarios.

### 2. Horarios

A apertura da sala de lectura coincide co horario en período lectivo do centro de luns a venres de 08:30 h a 21:30 h.

O servizo de atención ao público será de 09:30 a 13:30 de martes a venres.

En períodos non lectivos o servizo de préstamo queda suspendido.

### 3. Normas xerais de uso

De forma xeral, **NON** está permitido:

- Introducir ou consumir comida e bebida, agás auga.
- Utilizar teléfonos móbiles.
- Facer ruído ou falar nun ton de voz que sexa molesto ao resto dos usuarios.

Ademais, é necesario ter en conta que, cando haxa un/unha profesor/a asignado na sala, ou auxiliar responsable:

- O acceso aos andeis é libre e poderánse consultar as obras así como levar á mesa ou posto de estudo que o usuario estea a utilizar na sala de lectura.
- Non hai límite no número de obras de acceso directo que se poden consultar simultaneamente en sala.
- Os exemplares non poden saír das instalacións da Biblioteca, sen pasar previamente polo mostrador de préstamo, para ser debidamente rexistrados.
- Unha vez terminada a consulta, o usuario debe depositar os exemplares na mesa do responsable.



- O usuario manterá en todo momento unha actitude respetuosa cara o persoal da Biblioteca, o resto de usuarios e os fondos e instalacións.
- O ordenador para o alumnado será unha ferramenta de consulta e búsqueda de información adicada a fins exclusivamente académicos.

## 4. Condicións de préstamo

Para poder utilizar o servizo de préstamo domiciliario é necesario ser alumno/a, docente ou persoal de administración e servizos do centro. Presentarase o carnet de estudante ou calquera outro documento xustificativo (DNI).

As normas referidas ao préstamo e devolución dos libros son as seguintes:

- O profesorado pode sacar en préstamo a domicilio un máximo de 5 libros cun prazo máximo dun mes, aínda que poderá renovalos sempre que non sexan solicitados eses títulos por outro docente.
- O alumnado poderá sacar en préstamo a domicilio ata un máximo de 5 fondos da Biblioteca cun prazo máximo de 15 días.

### Incumprimento das normas de préstamo

Perda ou deterioro dos materiais prestados: O deterioro ou perda de materiais bibliográficos ou documentais obriga ao seu reposición por parte do usuario e, se isto non fose posible, a indemnizar o prexuízo causado.

### Devolucións fóra de prazo:

Os usuarios teñen a obriga de devolver os materiais nos prazos estipulados. O atraso na devolución se penalizará con **dous días** de suspensión do dereito ao préstamo por cada día e obra de atraso. Pasados dous meses dos prazos de entrega o material bibliográfico se considerará como perdido e o usuario estará **obrigado a súa reposición**.

### Exclusións de préstamo:

- Obras de referencia: dicionarios, enciclopedias, guías, etc.
- Revistas e outras publicacións periódicas.
- Documentos antigos ou valiosos pola súa rareza...
- Documentos difícilmente reemprazables.
- Aqueles outros materiais que, a xuízo da Biblioteca, deban ser preservados.
- TFE, con normativa propia: Consulta en sala con autorización previa.



Vigo, setembro de 2023